

## CONSELLOS PRÁCTICOS

### **Antes de matricularte**

Consulta os horarios e datas de exame que están nos taboleiros e na páxina web.

As optativas e de libre elección están combinadas co horario dalgún curso, polo que é aconsellable elixilas ese ano. Se téas interese por dúas materias que teñan coincidencias nos horarios, deberás estar en contacto co profesorado das mesmas para coñecer o sistemas de avaliación sen asistir.

Podes encontrar tamén unha síntese dos contidos e bibliografía básica das materias, así como outra indicacións do programa. Hai materias que de xeito experimental serán impartidas polo sistema europeo (ECTS).

### **Se realizaches outros estudos**

Consulta as posibilidades de adaptación ou validación entre as materias cursadas e as que forman parte do teu plano de estudos. Ademais da secretaría, pode darche información o profesorado da materia e o vicedecano/a da titulación.

Para cursar unha nova especialidade de maxisterio, podes validar diversa materias, entre elas o Prácticum, que so se debe repetir no caso da especialidade de Linguas Estranxeiras.

Cando fagas unha validación, se ti es bolseiro/a, intenta non quedarte con menos créditos dos que necesitas para obter bolsa de estudos.

### **Se queres realizar créditos de libre elección por cursos**

Infórmate no Servizo de extensión Universitaria (Edificio Administrativo). Ou na páxina web: <http://www.uvigo.es/extension/index.gl.htm>

Consulta a páxina web do Vicerrectorado de Organización Académica e Profesorado. [www.uvigo.es/webs/vicoap](http://www.uvigo.es/webs/vicoap)

### **Se queres participar nas actividades do alumnado**

Dirixete á Delegación do Alumnado no primeiro andar do *Edificio de Ferro*.

### **Se queres participar en programas de intercambio**

Dende o primeiro curso podes ir manifestando ós coordenadores de Erasmus e Sénca os teus intereses para poder suscribier novos convenios con universidades estatais ou europeas.

### **Que formación debes adquirir ó longo dos teus estudos**

Consulta na web o documento sobre o novo título dentro do espazo europeo de educación superior. Nel encontrarás o deseño da titulación no futuro, que desenvolve as indicacións que figuran nos Decretos que conteñen as directrices xerais de cada titulación.